



TALENTO

INTERXERACIONAL



XUNTA
DE GALICIA

Voluntariado Interxeracional no Rural | 2026

PROXECTOS DE VOLUNTARIADO INTERXERACIONAL QUE UNEN...


**O TALENTO E A
EXPERIENCIA**

das persoas maiores



**E AS INQUIETUDES
E A CURIOSIDADE**

dos mozos para detectar oportunidades e desenvolver proxectos xuntos que axuden a mellorar a vida e impulsar o crecemento do rural galego.



A FINALIDADE DO PROGRAMA

Todos os proxectos de voluntariado interxeracional que se desenvolvan asentaránse en cinco piares, que serán comúns en todos os proxectos que se desenvolvan:

1.



Contribuír á modificación da estrutura poboacional e ao **aumento da taxa de poboación** nas zonas rurais.

2.



Ofrecer oportunidades vitais axeitadas ás necesidades reais do medio rural e recoñecer as posibilidades que ofrece, amosando á xuventude as oportunidades de futuro que pode aportar tanto a nivel individual como social.

3.



Recoñecer a experiencia das persoas maiores en diferentes eidos produtivos e captar as súas necesidades asistenciais, culturais ou vitais máis inmediatas en función das súas preferencias e desexos.

4.



Mellorar as condicións de vida e os servizos sociais e asistenciais de proximidade mediante un modelo planificado de recuperación económica onde se poidan desenvolver proxectos vitais con certas garantías de futuro e permanencia coa axuda da tecnoloxía e da innovación.

5.



Fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora do medio rural coa instauración de modelos de intervención axeitados á realidade social e económica da zona onde se leven a cabo.



O TIPO DE PROXECTOS

Todos os proxectos deben contar coa **participación de persoas voluntarias a través de grupos interxeracionais**, que estarán integrados por un sistema de parellas na que cada persoa voluntaria de 55 ou máis anos encargárase de titorizar a unha persoa voluntaria de 16 a 35 anos.

Todos os proxectos deberán desenvolverse integramente no **ámbito territorial de entidades locais de carácter rural**, entendendo por tales as que se indican no artigo 3 da orde de convocatoria.

Todos os proxectos deberán contar cun **mínimo de 4 persoas voluntarias e un máximo de 12**. A participación de cada persoa voluntaria vai estar comprendida entre os 15 e os 60 días. Se as axudas son solicitadas por concellos fusionados, agrupación de concellos, asociación, mancomunidade ou calquera outra similar poderanse subvencionar proxectos coa participación de ata un máximo de 35 persoas voluntarias e un mínimo de 10 por proxecto.

As **actividades a desenvolver** en cada proxecto deberán estar **baseadas no recoñecemento da experiencia das persoas maiores** que estimulen as iniciativas das persoas máis novas, en aqueles **sectores e actividades que presenten maiores dificultades de relevo xeracional** e que estean comprendidos nas liñas especificadas no artigo 6 da orde de convocatoria e permitan achegar novas oportunidades de emprego e asentamento poboacional ao territorio.



As actuacións **teñen que ir dirixidas a un ou varios dos seguintes obxectivos:**

1.



Deseño e estruturación dunha **nova economía de coidados** baseada na atención centrada na persoa (ACP).

4.



Fomento e iniciativas para realización de actuacións tendentes ao **relevo xeracional** no eido do ámbito agrogandeiro.

2.



Recuperación e/ou anovación de actividades e oficios relacionados coa produtividade da zona.

5.



Recoñecemento e posta en valor da **riqueza medioambiental, patrimonial ou turística da zona** coas súas fortalezas e debilidades.

3.



Impulso de **novas iniciativas locais en materia de produción de produtos agroalimentarios** de calidade e sostibles de cara a súa proxección no mercado.

6.



Deseño e estruturación de **novos modelos dixitais ou tecnolóxicos** que atendan as necesidades da zona ou que permitan mellorar os existentes.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

Cada proxecto ten que encadrarse, como máximo, en tres das **seguintes liñas**:



COIDADOS



Proxectos orientados á **identificación de situacións e necesidades de coidados**, baseadas en casos reais detectados na zona, e enfocados ao acompañamento ou apoio no fogar de persoas autónomas pero que precisen coidados ou apoios puntuais en determinados períodos de tempo, coa finalidade de promover bolsas de emprego con persoas con formación e capacitación para atender as solicitudes detectadas na zona.

AGROGANDEIRA



Proxectos orientados a **promover cultivos ecolóxicos e sustentables baseados na economía tradicional da zona e/ou impulso de novas iniciativas** con posibilidades de proxección no mercado en transición cunha economía circular e sostible.

Proxectos orientados ao **fomento do relevo xeracional nas explotacións agrogandeiras** no ámbito rural galego.

PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE



Proxectos **orientados á protección e/ou recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas e visualización** de zonas especialmente vulnerables desde o punto de vista medioambiental.

TURÍSTICA E CULTURAL




Proxectos orientados **á promoción do turismo rural e localización de potenciais zonas** ou edificacións susceptibles de aproveitamento para esta finalidade.

Proxectos orientados ao **fomento da recuperación de oficios tradicionais**, coa finalidade de mostrar, entre outros aspectos, as posibilidades de emprego e autoemprego dos mesmos.

Proxectos orientados a **converter o patrimonio cultural** (arquitectura popular, saberes artesanais e tradicións) **en motor de desenvolvemento rural** mediante proxectos que o valoricen.

COHESIÓN TECNOLÓXICA E DIXITAL



Proxectos orientados ao **deseño e estruturación de novos modelos dixitais ou tecnolóxicos** que atendan as necesidades da zona ou que permitan mellorar os existentes.

**CADA UNHA DAS LIÑAS
DEBE CONTAR CUN GRUPO
INTERXERACIONAL CONSONTE**


co establecido no *artigo 4* da orde de convocatoria.

REQUISITOS DAS ENTIDADES

***Aos efectos desta orde considéranse entidades locais de carácter rural todos os concellos galegos agás: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.*



Deben estar inscritas no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**.



Deben ter a **consideración de entidades locais de carácter rural** ou, no caso de entidades de acción voluntaria de carácter asociativo, desenvolver o proxecto para o que se solicita a axuda en calquera dos concellos galegos que teñan a antedita consideración.



CONTÍA DA AXUDA

O orzamento global desta orde de convocatoria ascende a **630.000** euros.

A contía da axuda por proxecto será dun **mínimo 18.000** euros e dun **máximo de 30.000**, atendendo ao número de persoas voluntarias participantes.

No caso de presentación por máis dunha entidade local conxuntamente, as contías incrementanse **entre 45.000 e 75.000** euros respectivamente.

GASTOS SUBVENCIONABLES

1.



Diseño, elaboración e/ou redacción do proxecto, así como o diagnóstico e identificación de oportunidades.

2.



Gastos derivados da formación e capacitación, tanto do **persoal da entidade de acción voluntaria como das persoas interesadas.**

3.



Gastos ocasionados como consecuencia de viaxes, aloxamento e dietas motivados por reunións de traballo ou formación, que non poderá superar o 10% do custe do proxecto.

4.



Retribucións de carácter extraordinario vinculadas a traballos relacionados coas letras anteriores que realice o persoal propio da entidade local como funcións adicionais ás propias do seu cargo, así como os gastos das entidades asociativas que sexan asimilables a este concepto.

5.



Creación, establecemento, desenvolvemento de modelos efectivos e viables consonte ás directrices e obxectivos requiridos nesta convocatoria e no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

6.



Material funxible non inventariable, necesario para o desenvolvemento do proxecto.

7.



Os gastos das persoas voluntarias que conforman o grupo interxeracional nos que incorran durante a súa xornada. A entidade fará entrega de 6 euros diarios a cada persoa voluntaria participante no proxecto, para cubrir os custos de desprazamento e mantenza. Para iso, **deberán acreditar, mediante o correspondente acordo, a súa colaboración voluntaria** durante xornadas de 6 horas diarias. Se a xornada diaria é inferior ás 6 horas, sumaranse as horas diarias ata completar unha xornada de 6 horas.

8.



Os gastos da póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias.



XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

As actividades que se desenvolvan
entre o 1 de xaneiro e ata o 15 de
maio de 2026 xustificaranse non
máis tarde do **22 de maio de 2026**.

O programa de voluntariado interxeracional no rural artículase mediante unha orde de convocatoria dirixida a entidades de acción voluntaria de Galicia, tanto asociativas como locais, no marco do proxecto piloto Talento Interxeracional, presentado aos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, para o ano 2026.

O código de procedemento desta orde de convocatoria é o BS508E.



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para presentar solicitudes é un mes e remata, por tanto, o **17 de outubro**. As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por sede electrónica da Xunta de Galicia.



XUNTA
DE GALICIA



Financiado pola Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES, CONSUMO
Y AGENDA 2030



Plan de Recuperación,
Transformación
e Resiliencia